

BOLSAS DE ASISTENCIA AS PERSOAS DEMANDANTES:

Todas as persoas demandantes que participen no programa integrado de emprego terán dereito a percibir unha **bolsa** consistente en **10 euros por día de asistencia** as accións do programa. As bolsas faranse efectivas de xeito mensual e as persoas demandantes deberán asistir e seguir con aproveitamento as accións que dan dereito a cobrar as bolsas.

OBRIGA DAS PERSOAS PARTICIPANTES:

- A **participar activamente** en tódalas accións que se leven a cabo dentro do citado Programa.
- A **non rexeitar ofertas de emprego axeitadas o seu perfil** profesional, sen causa xustificada.
- A **non faltar ás actividades para as que sexa convocada**, sen un motivo debidamente acreditado.
- A **realización de cuestionarios de satisfacción** de tódalas accións.
- A **comunicar** de inmediato a CIMO calquera **modificación nos seus datos** de contacto (endereço, teléfono, mail, etc.), así como de calquera modificación na súa dispoñibilidade para a colocación.
- A **seguir con aproveitamento** as accións formativas que se estimen oportunas para a súa mellora ocupacional. Constituirán causa de exclusión do dereito a cobramento da beca:
 - Incorrer en máis de tres faltas de asistencia non xustificadas ao mes no caso das accións formativas.
 - Non seguir con aproveitamento a acción formativa.
 - Dificultar o normal desenvolvemento da acción formativa, sesión de orientación ou prácticas non laborais.
 - Faltas de respecto ou consideracións con outras persoas do programa ou a mala utilización do mobiliario e equipamentos do centro ou entidade que leve a cabo as accións do programa.

PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DE CIMO, ENTIDADE PRESTADORA DE SERVICIOS 2025/26

Nº de exp.: **TR332A 2025/31**

Data de inicio: 27/10/2025

Data de finalización: 26/10/2026

Sinatura do/a responsable do programa:



DATOS DE CONTACTO:

CIMO, ENTIDADE PRESTADORA DE SERVICIOS

📍 Rúa Díaz de la Banda, Nº 18-A Baixo
(Curros Enríquez rotonda)
32004 OURENSE

☎ 988.39.15.15

✉ orientacion.laboral@cimo.org
programaintegrado@cimo.org

☎ **SERVIZOS DE PROGRAMAS MIXTOS**
981.545.945 / 881.999.629

✉ programas-integrados.traballo.santiago@xunta.gal

🌐 www.cimo.org

 PROGRAMAS
INTEGRADOS
DE EMPREGO
DE GALICIA

PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DE

CIMO, ENTIDADE PRESTADORA DE SERVICIOS 2025/26

Proxecto de emprego, con intermediación laboral, financiado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, cuxo obxectivo é a inserción laboral e o crecemento persoal e profesional das persoas participantes, especialmente a través de accións en materia de información, orientación e asesoramento, formación, práctica laboral, mobilidade xeográfica, prospección de empresas e mellora da empregabilidade e a inserción laboral de 100 persoas traballadoras desempregadas da comarca de Ourense.



EMPREGO
GALICIA



MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL



ACCIONES E ACTIVIDADES QUE SE LEVARÁN A CABO:

- **Información, orientación e asesoramento** para a busca de emprego.
- **Formación:**

Formación na área profesional de Industrias Alimentarias

- Preparación e venda de peixe.
- Prácticas profesionais non laborais en empresas do sector.

Formación na área profesional da Restauración

- Aplicación de fundamentos básicos en cociña.
- Prácticas profesionais non laborais en empresas do sector.

Formación na área profesional da Compra Venda

- Operacións básicas de caixa.
- Técnicas de proceso de venda e pos venda.
- Acompañante en transporte escolar.
- Atención ao cliente e venda en estación de servizo.
- Prácticas profesionais non laborais en empresas do sector.

Formación na área profesional da Loxística Comercial

- Condución de carretillas elevadoras.
- Sistemas e procesos loxísticos.
- Prácticas profesionais non laborais en empresas do sector.

Formación na área profesional dos Servizos ao Consumidor

- Formación básica para limpeza xerais.
- Prácticas profesionais non laborais en empresas do sector.

Formación na área profesional da Xestión da Información e da Comunicación

- Ofimática na nube: Google Drive.
- Redes sociais e empresas.

Outra Formación:

- Actuación en primeiros auxilios.
- Manipulación de alimentos.
- Básico de Prevención de riscos laborais.
- O proceso de emprendemento.
- Técnicas de procura de emprego eficaz.
- Fundamentos do coaching e orientación.
- Obradoiro de habilidades sociais e competencias para o emprego.
- Obradoiro de Intelixencia emocional para a procura de emprego e/ou o emprendemento.
- Obradoiro: Marca persoal e presenza profesional en redes sociais.
- Obradoiro de mobilidade laboral: vivir e traballar fora do noso lugar de residencia.
- Coñece os teus dereitos: Nómina e contratos.
- Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

ADEMÁIS:

- Fomento da **capacidade emprendedora**.
- **Prospección empresarial**.
- **Emparellamento de ofertas de traballo** coas persoas demandantes de emprego.
- Encontro de emprego e **networking**.

ASPECTOS INNOVADORES DO PROGRAMA:

- ✓ **Asistente virtual 24/7:** Chatbot propio baseado na **IA** que ofrece información actualizada sobre o programa (actividades, recursos, FAQ, contacto...).
- ✓ **Bolsa de emprego CIMO:** Ferramenta de intermediación laboral baseada na **Big Data** para a xestión de ofertas de emprego.
- ✓ **Aplicación informática de xestión:** Sistema automatizado que **cruza oferta e demanda laboral** en tempo real para optimizar a intermediación.
- ✓ **Dixitalización e acompañamento personalizado:** Alfabetización dixital e primeiros pasos coa **intelixencia artificial**.
- ✓ **Gamificación:** Sesións lúdicas para traballar competencias clave como **a comunicación, o traballo en equipo** ou o desenvolvemento de **ideas de emprendemento**.
- ✓ **Xornadas de Speed Meeting:** Encontros curtos e dinámicos de empresas con vacantes e necesidades reais.
- ✓ **Clubes de emprego:** Grupos colaborativos con orientación profesional nun espazo dotado con **recursos tecnolóxicos de uso libre**, para traballar diferentes obxectivos de cara a inserción laboral.
- ✓ **Rede de empresas e prospección:** Desenvolvemento de plans de traballo baseados nas **necesidades das empresas** (formación, prácticas, procesos de selección,...).

- ✓ **Axenda semanal de oportunidades:** Calendario dinámico de **acceso rápido con recursos** (ofertas diarias, formación dispoñible,...).

- ✓ **Incubadora para emprendedoras:** axuda para desenvolver plans de negocio, **proporcionando recursos, orientación e captación empresarial**. Apoio na xestión dos primeiros meses e **servizo de asesoría gratuíto o primeiro trimestre**.

- ✓ **Publicidade para novas emprendedoras:**
 - **Publicidade** da actividade empresarial no xornal LA REGIÓN.
 - Impresión de **tarxetas de visita**.
 - **Difusión** en espazo web e redes sociais de CIMO.

MEDIDAS DE CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL:

No desenvolvemento dos itinerarios incluímos como medida innovadora accións de conciliación para facilitar a participación das persoas beneficiarias en todas as actividades que se planifiquen para realizar o seu itinerario individual e que poidan asistir tamén ás actividades formativas incluídas. Desta maneira propóñense as seguintes medidas:

- Utilización de diversos canles de comunicación co persoal técnico de CIMO, para facilitar a resolución de dúbidas ou calquera cuestión que se lle poda presentar ás usuarias, favorecendo unha **iteración flexible e adaptada** a cada usuario.
- **Adecuación dos horarios das actividades** individuais e grupais os horarios escolares.
- **Bolsa para cubrir os gastos de manutención** dos nenos/as de entre 0 e 3 anos que teñan que permanecer nestas escolas infantís mentres a súas nais participan nas diferentes accións do programa.
- **Atención/coidado das/os nenas/os entre 3 e 12 anos**, fora do seu horario escolar, en ludotecas ou centros de ocio infantil, durante as horas de formación e actividades do programa.